

## A CIG, CCOO e UGT convocan unha concentración diante da Consellaría para mellorar as condicións do persoal do ensino concertado

*Será o 25 de abril, ás 11:30 horas diante da Consellaría de Educación, en Santiago de Compostela.*



No día de onte a CIG chegou a un acordo con CCOO e UGT para convocar unha concentración que terá lugar o día 25 de abril diante da Consellaría de Educación en Santiago de Compostela, co fin de esixirle á Administración que cumpra o seu compromiso da última Mesa Tripartita celebrada o 16 de decembro de 2022 de negociar un Acordo de Mantemento de Emprego (AME) eficaz, que non fixo.

Ante a pasividade da administración os tres sindicatos convocan aos seus delegados e delegadas á concentración co obxectivo de recordarlle unha vez máis as propostas que mellorarían os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras do ensino concertado e que xa se achegaron en xuño de 2022. Nesas propostas recóllense medidas efectivas para resolver o problema da estabilidade laboral no sector (AME). Sen incrementar o orzamento educativo, pódese abordar a redución das rateos alumno/unidade no ensino. Esa medida permitiría ademais mellorar a atención ao alumnado, maior cohesión, favorecería a inclusión e o traballo colaborativo etc, medidas todas elas

moi necesarias. Outras propostas presentadas (e que xa se aplican noutras Comunidades) como a reposición da xubilación parcial, o incremento da dotación horaria aos centros que recolocan, a obrigatoriedade das patronais de acudir á bolsa de contratación ou a redución da xornada lectiva, contribuirían sen dúbida a mellorar a calidade do ensino e a resolver o problema do persoal traballador e das empresas.

A administración comprometérase o ano pasado a facilitarlles aos sindicatos unha nova proposta de estabilidade laboral que incluíse avances, neste primeiro trimestre de 2023, porén esta nunca chegou. Cabe resaltar, ademais que, de todas as CCAA, a galega é das poucas que non incorpora ningún dos acordos que si se dan, en maior ou menor medida, no resto. Se non se aceptan estas propostas a situación pode ser dramática para moitos/as traballadores/as, polo que se a administración non dá unha solución, neste curso e nos vindeiros assistiremos ao peche de unidades e á perda de postos de traballo. Por iso chamamos á mobilización e á participación na concentración do martes 25 de abril.

# A FORZA PARA AVANZAR

Eleccións sindicais 2022/2023



**CIG**  
Confederación Intersindical Galega

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)